



## **A APDR SOLICITA AO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE A CONSIDERACIÓN COMO PARTE INTERESADA NO EXPEDIENTE DA PRÓRROGA DE ENCE**

A Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) solicitou hoxe diante do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (MAGRAMA) a consideración como parte interesada no expediente C-734-Pontevedra, expediente que vén tramitando o citado Ministerio e que ten que ver coa tramitación da prórroga extraordinaria solicitada no seu día pola empresa ENCE. Ao abeiro da Lei de Procedemento Administrativo Común, a APDR solicita que se lle dea audiencia en todos os trámites do procedemento e acceso ao expediente na forma en que desde o Ministerio se considere máis axeitada.

E fíxoo ao ter coñecemento de que o MAGRAMA está disposto a resolver este expediente de forma favorábel á prórroga con anterioridade á toma de posesión do novo Goberno saído das urnas o pasado 20D, unha decisión que non dubidamos en cualificar de eticamente reprobábel e ilexítima. En efecto, que un Goberno en funcións tome unha decisión tan transcendental para o futuro da Ría de Pontevedra coma a de prorrogar unha concesión en terreos de titularidade pública a unha empresa privada que, ademais, incumpre a legalidade, non pode ser cualificada doutro xeito. Pero é que esta decisión, podería rozar a prevaricación xa que estarían a tomar unha decisión a sabendas de que é inxusta. En efecto, unha decisión como esta suporía a hipoteca da Ría, dos postos de traballo derivados da explotación racional dos seus recursos e daqueles dos sectores forestal e turístico e impediría, definitivamente, o seu saneamento e recuperación e sería contraria á Lei xa que –moi ao contrario do que sostén a Dirección Xeral de Costas- existen causas abondo para decretar a caducidade da concesión da empresa ENCE; citaremos tan só unha delas polo obvio do seu incumprimento. No título concesional outorgado a ENCE no ano 1958, establécese coma causa de caducidade da concesión a superación das 20 ppm de DBO (Demanda Bioquímica de Osíxeno) nas augas de vertido á Ría, un valor que veu sendo superado sistematicamente pola fábrica de pasta de papel de Lourizán ao longo dos máis de 50 anos de vida e que foi clave na decisión xudicial da Audiencia de Pontevedra de condenar á empresa por delito ecolóxico. E non debería esquecer tampouco este Servizo Provincial que o Regulamento Xeral de Costas afirma que non se pode prorrogar unha concesión en tanto existan causas de caducidade ou estas estean en discusión, situación que se da neste caso por estar por rematar o proceso de alegacións e recursos. Neste sentido, debemos indicar que na APDR seguimos á espera de que o MAGRAMA dea resposta ás nosas alegacións, e en concreto ás que fan referencia aos evidentes incumprimentos do título en materia medio ambiental.

Desde a APDR queremos chamar a atención sobre a permanente convivencia entre o PP e a empresa ENCE, unha relación que está detrás das presas por concederlle unha prórroga á empresa sen agardar á toma de posesión do novo goberno, para asegurar que un máis que posíbel cambio de goberno faga fracasar unha operación na que teñen evidentes intereses políticos e persoais. E resulta máis evidente este obxectivo se temos en conta que non hai ningunha razón que xustifique a concesión da prórroga con tanta celeridade, pois existe prazo abondo ata o ano 2018 para tomar esta decisión.

Pontevedra, 30 de decembro de 2015

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR